

**Resolución de 16 de xullo de 2020 relativa á convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de 4 de novembro de 2019 (Bibliotecas Escolares Solidarias), ampliada pola resolución de 1 de xuño de 2020, en referencia ás iniciativas denominadas SELO “BIBLIOTECA ESCOLAR SOLIDARIA” e VOLUNTARIADO DE LECTURA-A (Primaria), correspondente ao curso 2019/2020. Estas iniciativas realízanse en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.**

Con data 4 de novembro de 2019, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos fixo pública a convocatoria correspondente ao curso 2019/2020 do programa BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS, no que se inclúen diferentes iniciativas destinadas a promover o voluntariado cultural en relación coas bibliotecas e a lectura entre o alumnado dos niveis non universitarios e as súas familias, nos centros de titularidade da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, e a recoñecer, así mesmo, os esforzos das comunidades educativas por conformar “bibliotecas escolares inclusivas”, que axuden a paliar as desigualdades no acceso ao coñecemento. Esta convocatoria foi ampliada a través da resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de 1 de xuño de 2020, publicadas ámbalas dúas no Portal Educativo.

En relación coa acción denominada Selo “Biblioteca Escolar Solidaria”, integrada no programa Bibliotecas Escolares Solidarias para o curso 2019/2020, presentaron candidatura un total de 16 centros. A través da ampliación do 1 de xuño de 2020 contéplase a posibilidade de premiar cunha asignación específica aos centros que acaden este recoñecemento. No referido á iniciativa denominada “Voluntariado de lectura-A” destinada a centros de primaria que formalizan grupos de voluntariado na biblioteca escolar, con distintas posibilidades de intervención, a devandita resolución de 1 de xuño de 2020 detalla o número de centros a seleccionar, tralo envío de memoria de actividades correspondente ao curso 2019/2020, así como as asignacións que poderán recibir e a finalidade para a que as percibirán.

Constituíronse as Comisións de Valoración previstas na resolución de 4 de novembro de 2019 (apartado 2, punto 4), para a concesión do Selo “Biblioteca Escolar Solidaria”, así como na resolución de 1 de xuño de 2020, para a selección de centros de “Voluntariado de lectura-A”, na mañá do 22 de xuño. Para a valoración das candidaturas e das memorias de actividades tivéronse en conta os criterios contemplados na convocatoria de referencia. De acordo coa proposta formulada por estas comisións e de conformidade co recollido nas resolucións citadas,

RESOLVO:

**Primeiro: Selo “Biblioteca Escolar Solidaria”**

1. Unha vez valoradas as novas candidaturas presentadas e trala proposta da Comisión de Valoración, concédese o Selo “Biblioteca Escolar Solidaria” aos centros:

Código	Centro	Concello	Provincia
15000016	CEIP Plurilingüe San Marcos	Abegondo	A Coruña
15032426	CEIP Plurilingüe Graxal	Cambre	A Coruña
15005749	IES Universidade Laboral	Culleredo	A Coruña
15009081	CEIP de San Ramón	Moeche	A Coruña
27014100	EEL San Roque	Viveiro	Lugo
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	Pontevedra
36000326	CEIP Plurilingüe Montemogos	Bueu	Pontevedra
36000685	CEIP Pedro Antonio Cerviño	Campo Lameiro	Pontevedra
36007060	CEIP Plurilingüe de Chancelas	Poio	Pontevedra
36016051	CEIP Seis do Nadal	Vigo	Pontevedra





2. Remitirase aos centros seleccionados un arquivo dixital co selo “Biblioteca Escolar Solidaria” que poderán inserir nos espazos web e outras publicacións da biblioteca escolar. Este selo é un distintivo de calidade en termos de traballo solidario e a favor da comunidade escolar. Así mesmo, cada centro recibirá un diploma acreditativo e, segundo se recolle no apartado 1, punto 4 da resolución de 1 de xuño de 2020, pola que se amplía a convocatoria de 4 de novembro de 2019 do programa de Bibliotecas Escolares Solidarias, recibirá tamén unha asignación de 1.500€, contía que deberá ser destinada “a actividades da biblioteca escolar con implicación das familias, no contexto dos obxectivos da Axenda 2030 da ONU, de desenvolvemento sustentable”.

## Segundo: Voluntariado de lectura-A

1. Seleccionar os 10 centros que se detallan, unha vez valoradas as 88 memorias de actividades recibidas por parte de centros adheridos á iniciativa “Voluntariado de lectura-A” para o curso 2019/2020, en función do interese e calidade das actividades recollidas na memoria presentada e seguindo os criterios recollidos no apartado 2, punto 6 da devandita resolución:

Código	Centro	Concello	Provincia
15021792	CEIP Salgado Torres	Coruña, A	A Coruña
15009081	CEIP de San Ramón	Moeche	A Coruña
15024239	CEIP dos Muños	Muxía	A Coruña
27004428	CEIP de Foz nº 1	Foz	Lugo
27016662	CEIP Plurilingüe de Monforte de Lemos	Monforte de Lemos	Lugo
32003771	CEIP Plurilingüe Curros Enríquez	Celanova	Ourense
32004118	CPI Antonio Faílde	Coles	Ourense
36002773	CEIP do Foxo	Estrada, A	Pontevedra
36008489	CEP Altamira	Salceda de Caselas	Pontevedra
36009524	CEP Pedro Caselles Beltrán	Tomiño	Pontevedra

2. Tal e como se recolle no apartado 2, punto 3, da resolución de ampliación de 1 de xuño de 2020, do programa de Bibliotecas Escolares Solidarias, estes 10 centros seleccionados recibirán unha asignación de 600 euros para o desenvolvemento dun obradoiro especializado (que deberán versar sobre lectura expresiva, narración oral, escrita creativa, a radio como medio de comunicación, a elaboración de *booktrailers*, os xogos cooperativos e tradicionais ou a música e danza tradicionais), destinados a un grupo de alumnos e alumnas que tivesen ao longo do curso un papel protagonista (dentro do grupo de voluntarios e voluntarias), participando directamente no deseño e xestión de actividades na biblioteca escolar. En todo caso, será o equipo de biblioteca quen decida finalmente a configuración do grupo que participe nos obradoiros, dentro dos límites da propia actividade para un mellor aproveitamento.
3. A través da Asesoría de bibliotecas escolares os centros recibirán cumprida información para o desenvolvemento destes obradoiros que deberán realizarse (debido ás especiais circunstancias vividas neste curso 2019/2020 por mor da pandemia da COVID-19 e a interrupción das actividades lectivas presenciais), no último trimestre do ano 2020. Poderá contemplarse que, de ser imposible a realización presencial destes obradoiros, se poidan facer en modalidade virtual.
4. Como actividade integrada nos programas de voluntariado da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, o alumnado directamente implicado e responsable das actividades de voluntariado de lectura e de atención á biblioteca escolar, de todos os





centros inscritos no seu momento (sempre que remitisen a documentación oportuna no prazo establecido), recibirá un diploma pola súa colaboración como acción de voluntariado cultural, así como material divulgativo do programa

### **Terceiro: Seguimento e avaliación**

Esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos poderá elaborar un breve informe que difundirá a través dos espazos web de Bibliotecas Escolares de Galicia e doutros medios ao seu dispor, e publicará información, así mesmo, sobre aquelas experiencias que merezan difusión pola calidade e repercusión das súas propostas co fin de estimular este tipo de iniciativas e dar a coñecer as boas prácticas.

Santiago de Compostela, (sinatura dixital)

O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

*José Manuel Pinal Rodríguez*

